

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O dereito a ser escolarizado corresponde á/ao menor e obriga os poderes públicos a procurar, como tarefa propia, a educación a que todos teñen dereito. Non se trata dun proceso de mera transmisión de coñecementos, senón que aspira a posibilitar o libre desenvolvemento da personalidade e da capacidade do alumnado e a súa formación como cidadás e cidadáns responsables, chamados a participar nos procesos que se desenvolvan no marco dunha sociedade plural, en condicións de igualdade e tolerancia e con pleno respecto aos dereitos e liberdades do resto dos seus membros.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia plena para a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, de conformidade co artigo 31 do seu Estatuto de autonomía.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no seu capítulo III do título II, rubricado «Equidade na educación», a escolarización en centros públicos e privados concertados, e establece que as administracións educativas deberán regular a admisión do alumnado de tal forma que se garanta o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por parte de nais, pais, titoras e titores.

O Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os criterios e o procedemento de admisión do dito alumnado. Esta norma fixaba un dos procedementos anuais máis relevantes desenvolvidos pola Administración educativa, non só polo seu volume, senón tamén pola importancia que as familias outorgan á elección do centro educativo.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 1296/2010, do 17 de novembro, declarou a nulidade de pleno dereito do artigo 9.2 do dito decreto, así como a inaplicación a centros privados concertados de determinados preceptos deste. Coa mesma fundamentación, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 1477/2010,



do 22 de decembro, declarou a nulidade de pleno dereito do artigo 19 da Orde do 17 de marzo de 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula o procedemento para admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos, e a inaplicación a centros privados concertados de determinados artigos.

Con posterioridade á publicación do dito Decreto 30/2007, do 15 de marzo, apróbase o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, que establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, e dedica todo o seu capítulo X á admisión e matrícula nos ciclos formativos de grao medio e superior, o que xustifica que, no presente decreto, non resulte necesario referir a admisión nas ensinanzas de formación profesional.

O artigo 74 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sinala que a escolarización do alumnado, que presenta necesidades específicas de apoio educativo, se rexeirá polos principios de normalización, inclusión e non discriminación e igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo. Conforme estes principios, o Decreto 229/2011, do 7 de setembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos cales se imparten ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece unha relación de complementariedade co presente decreto, ao garantir unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, na planificación da oferta de prazas escolares nos centros sostidos con fondos públicos.

Neste contexto é responsabilidade da consellería competente en materia de educación asegurar que o procedemento de acceso ao sistema goce da maior transparencia, eficacia e eficiencia posibles, conxugando a liberdade de elección de centro das familias co acceso de todo o alumnado en condicións de igualdade e calidade, coa axeitada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e co principio de eficiencia no uso dos recursos públicos, o que determina a necesidade de revisar os criterios e os procedementos establecidos, tendo en conta a experiencia derivada da aplicación do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, a recente normativa que incide na materia e a doutrina do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para asegurar a todas e a todos o dereito á educación e a conciliación da vida laboral e familiar.

O presente decreto de regulación da admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos estrutúrase en catro capítulos, cun total de 19 artigos.



No capítulo I, baixo a rúbrica de «Disposicións xerais», sinalase o obxecto e o ámbito de aplicación, referido ás ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, á educación primaria, á educación secundaria obrigatoria e ao bacharelato. Tamén regula a garantía dunha praza escolar no sistema educativo e os principios do proceso de admisión, a información ao alumnado e ás familias e os requisitos e garantía de permanencia do alumnado nos centros educativos.

O capítulo II establece as normas que se deberán seguir para a escolarización do alumnado, e divídese en 3 seccións. Na sección primeira recóllense as normas comúns do proceso de admisión, con referencia ao inicio do proceso mediante unha única solicitude, e as áreas de influencia dos centros educativos, ás cales se deberá dar a máxima difusión polos medios de que dispoña a consellería competente en materia de educación, para coñecemento e información de toda a cidadanía. Nesta sección teñen importancia os criterios de admisión do alumnado, nos cales se outorga preferencia a alumnas e alumnos procedentes de centros adscritos.

Os criterios prioritarios de admisión correspóndense co previsto no artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 9 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, que determinan os grupos de familias que merecen unha protección especial, recollendo entre estes criterios a pertenza a familia numerosa ou monoparental e outorgando unha puntuación relevante á circunstancia de ter irmás ou irmáns matriculadas/os no centro en que solicitan praza, co obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, equiparándose neste dereito o alumnado asignado a familias acolledoras. Tamén prevé a posibilidade de aplicar criterios complementarios e obxectivos establecidos por cada centro educativo, potenciando a autonomía de organización dos centros.

Na sección segunda do dito capítulo II regúlase o procedemento ordinario de admisión, referido ao acceso do alumnado por primeira vez a un centro educativo que, con carácter xeral, cando existan varias etapas, se realizará naquela que corresponda á de menor idade. Así mesmo, contén as normas relativas á admisión de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para o cal se establece ata o final do período de matrícula unha reserva de prazas de entre o 10 e o 15 por cento das ofertadas por cada centro.

Na sección terceira regúlase o procedemento extraordinario de admisión, no cal se garante a escolarización en casos de alumnado afectado por traslado de domicilio ou por cambios de centro derivados de actos de violencia de xénero ou acoso escolar, aos cales os centros prestarán unha especial atención.



O capítulo III refírese aos órganos competentes nos procesos de admisión: o consello escolar dos centros públicos e a titularidade dos centros privados concertados. Nos artigos 15 a 17 regula as comisións de escolarización como órganos de ámbito municipal cuxa misión é garantir e supervisar as normas sobre admisión de alumnado, así como a súa composición con representación dos distintos sectores implicados no proceso e as funcións que lle corresponden, seguindo o indicado nas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anteriormente indicadas.

O capítulo IV dedícase ás reclamacións e recursos que cabe interpor contra as decisións dos órganos competentes nos procesos de admisión.

O decreto contén seis disposicións adicionais, relativas á determinación dun número suficiente de postos escolares nos centros comprendidos en áreas de influencia de residencias escolares e escolas fogar, e á admisión de alumnado en centros específicos de adultos e nos de ensinanzas de réxime especial, procesos en que será de aplicación a normativa específica de tales ensinanzas. A disposición adicional terceira garante a autonomía dos centros privados non concertados para determinar os criterios e o proceso de admisión do seu alumnado. A protección de datos de carácter persoal, a precisión do ámbito subxectivo e a aplicación supletoria da norma son outros dos aspectos regulados nestas disposicións.

A disposición transitoria única fai referencia á vixencia das actuais áreas de influencia dos centros. Remata o presente decreto cunha disposición derogatoria única da normativa que se viña aplicando, e con dúas disposicións derradeiras en que se fai referencia ás facultades para o desenvolvemento do decreto e á súa entrada en vigor aos vinte días naturais da súa publicación.

O proxecto de decreto foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Escolar de Galicia.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, oído o Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trece de decembro de dous mil doce,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Este decreto ten por obxecto regular os criterios e o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma



de Galicia que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en diante Lei orgánica de educación.

Artigo 2. *Principios xerais*

1. Todo o alumnado ten dereito a unha praza escolar que lle garanta o ensino básico. Ten dereito, así mesmo, a un posto gratuíto no segundo ciclo da educación infantil.

2. A consellería competente en materia de educación realizará a programación xeral e a oferta anual de prazas escolares tendo en conta a oferta existente de centros públicos e privados concertados e, como garantía de calidade da educación, realizará unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

3. A escolarización do alumnado nas ensinanzas a que se refire este decreto asegurará o exercicio do dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por parte de nais, pais, titoras ou titores legais de alumnas e alumnos.

4. En ningún caso haberá discriminación na admisión do alumnado por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, nin poderá exixirse a formulación de declaracións que poidan afectar a súa intimidade, crenzas ou conviccións.

Os centros sostidos con fondos públicos que desenvolvan o principio de coeducación en todas as etapas educativas ou atendan poboacións escolares de condicións económicas desfavorables serán obxecto de atención preferente e prioritaria.

5. A consellería competente en materia de educación garantirá a gratuidade do ensino nos termos establecidos no artigo 88 da Lei orgánica de educación.

6. En aplicación dos principios de colaboración e de reciprocidade, facilitaráselle ao alumnado das comunidades autónomas limítrofes o acceso a centros da Comunidade Autónoma de Galicia para cursar ensinanzas que non se lles oferten en centros próximos da súa propia comunidade autónoma.

Artigo 3. *Información ao alumnado e ás súas familias*

1. Os centros docentes farán público o seu proxecto educativo e facilitarán a nais, pais, titoras e titores legais a información necesaria para o proceso de escolarización. Así mes-



mo, informarán dos recursos específicos ou especiais e dos servizos complementarios de que dispoñan.

2. No procedemento de admisión do alumnado, as/os titulares dos centros privados concertados informarán do seu carácter propio, no caso de que o tivesen definido, de acordo co artigo 115 da Lei orgánica de educación e, se é o caso, do réxime de financiamento con fondos públicos das ensinanzas concertadas.

Así mesmo, a nais, pais, titoras e titores legais de alumnas e alumnos facilitaránelles datos detallados sobre as actividades escolares complementarias, actividades extraescolares e servizos complementarios que oferten os centros, facendo constar expresamente o carácter voluntario e non lucrativo destas actividades e servizos. De ser o caso, indicaranse as percepcións autorizadas pola consellería competente en materia de educación e as aprobadas polo consello escolar do centro.

3. A matriculación do alumnado nun centro público ou privado concertado suporá respectar o seu proxecto educativo, sen prexuízo dos dereitos recoñecidos ao alumnado e ás súas familias no artigo 2 deste decreto, así como o carácter propio do centro privado concertado, se o tiver.

Artigo 4. *Requisitos*

1. Para ser admitido nun centro docente, o alumnado deberá reunir os requisitos de idade e, se é o caso, os académicos exixidos polo ordenamento xurídico vixente, para o nivel educativo e curso a que pretende acceder.

2. Non poderá condicionarse a admisión ao resultado de probas ou exames, agás para os niveis ou ensinanzas en que así o estableza a normativa de aplicación.

Artigo 5. *Garantía de permanencia*

1. Unha vez admitidos a alumna ou o alumno nun centro docente, queda garantida a súa permanencia nel ata a finalización das ensinanzas sostidas con fondos públicos que o centro estea autorizado a impartir, sen prexuízo do que a normativa vixente establece sobre requisitos académicos e de idade, dereitos e deberes do alumnado para cada un dos niveis educativos e do dereito das familias a solicitar o cambio de centro.

2. Cando o alumnado dun centro docente público ou privado concertado solicite unha praza escolar noutro centro docente sostido con fondos públicos, perderá o dereito a que



se refire o número 1 deste artigo, agás que non resultase admitido en ningún dos centros solicitados. A formulación da solicitude deberá comunicarse, de forma simultánea, ao centro en que estea matriculado.

Artigo 6. *Adscrición de centros docentes*

1. Para os efectos de escolarización de alumnas e alumnos sen necesidade de novo proceso de admisión, as xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación, de acordo coa planificación previamente realizada para atender as necesidades de escolarización e co procedemento que se estableza, poderán adscribir os centros públicos de educación infantil a centros públicos en que se imparte educación primaria, e os centros públicos en que se imparte educación primaria a centros públicos en que se imparte educación secundaria obrigatoria.

2. Logo de solicitude dos centros privados concertados implicados, poderase aprobar a adscrición dos centros de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria a centros privados concertados que se encontren na mesma área de influencia.

No suposto de que os centros privados concertados non soliciten a súa adscrición conforme o previsto no parágrafo anterior, ou cando non exista un centro na mesma área de influencia a que adscribilo, a xefa ou o xefe territorial da consellería competente en materia de educación, logo de audiencia dos centros afectados, adscribiraos a centros sostidos con fondos públicos.

3. Para os efectos de adscrición nos centros concertados, o número de prazas entenderase referido ao número de unidades concertadas con que contén.

CAPÍTULO II Escolarización do alumnado

Sección 1ª. Normas comúns sobre o procedemento de admisión

Artigo 7. *Solicitudes*

1. Por orde da consellería competente en materia de educación establecerase o medio e o modelo normalizado de solicitude e o prazo de presentación desta e da documentación que, se é o caso, deberán achegar nais, pais, titoras ou titores legais xunto coa dita solicitude, para acreditar aqueles criterios que desexen que se lles teñan en conta no procedemento de admisión.



A solicitude de posto escolar será única para unha mesma ensinanza e poderá recoller varios centros por orde de preferencia.

2. O alumnado que non resulte admitido no primeiro centro elixido será baremado nos seguintes centros en que existan vacantes, seguindo a súa orde de preferencia, conforme os criterios de prioridade sinalados no artigo 9.3.

3. A presentación da solicitude fóra de prazo, a formulación de máis dunha solicitude ou a inclusión nesta, ou na documentación achegada para acreditar requisitos e criterios, de datos que non se axusten ás circunstancias reais da alumna ou alumno dará lugar á perda de todos os dereitos de prioridade que lles poidan corresponder, logo da tramitación do correspondente expediente pola xefatura territorial da consellería con competencias en materia de educación. A dita xefatura territorial adoptará as medidas necesarias para garantir a axeitada escolarización do alumnado en que se dea esta circunstancia nun centro sostido con fondos públicos que dispoña de prazas vacantes.

Artigo 8. *Áreas de influencia*

1. No seu ámbito de actuación, a persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación delimitará as áreas de influencia dos centros, de acordo co procedemento que se estableza por orde da persoa titular da consellería, e logo de consulta aos sectores afectados. Para determinar as áreas de influencia terá en conta que exista un centro docente público e a súa capacidade, a poboación que hai que escolarizar no seu contorno e, sempre que sexa posible, incluírá un centro privado concertado.

2. A consellería dará a máxima difusión ás áreas de influencia.

3. Nos centros docentes que impartan bacharelato, a delimitación das áreas de influencia poderá realizarse para cada unha das modalidades.

Artigo 9. *Criterios xerais de admisión do alumnado*

1. Naqueles centros sostidos con fondos públicos con prazas dispoñibles para atender a totalidade das solicitudes serán admitidos todos, alumnas e alumnos, sempre que cumpran os requisitos a que fai referencia o artigo 4 deste decreto.

2. Nos procedementos de admisión de alumnado nos centros a que se refire o presente decreto, cando non existan prazas suficientes terá prioridade aquel que proceda dos centros de educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria que, respectivamente, teñan adscritos.



3. Naqueles centros sostidos con fondos públicos onde non existan prazas suficientes para atender todas as solicitudes, e unha vez adxudicadas as prazas que proceda en aplicación do establecido no número anterior, o proceso de admisión rexeráse, en todo caso, polos seguintes criterios e a súa valoración:

a) Por unha irmá ou un irmán matriculados no centro: 8 puntos; polos segundos e seguintes, 2 puntos por cada un.

No caso de irmás ou irmáns que nacesen dun parto múltiple, outorgaráselle a cada unha/un delas/deles a puntuación prevista para unha irmá ou un irmán matriculados no centro, sempre que soliciten o mesmo centro e o domicilio familiar estea na mesma área de influencia do centro.

Para este efecto, terá a consideración de irmá ou irmán o alumnado asignado a familias acolledoras, con fillas ou fillos ou outro alumnado acollido escolarizado no mesmo centro.

b) Por nai, pai, titoras ou titores legais que traballen no centro: 3 puntos.

c) Por proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais: puntuación máxima 6 puntos.

1º Se o domicilio familiar está na área de influencia do centro: 6 puntos.

2º Se o domicilio familiar está en áreas limítrofes á área de influencia do centro: 3 puntos.

3º Se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está na área de influencia do centro: 4 puntos.

4º Se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está en áreas limítrofes á área de influencia do centro: 2 puntos.

d) Por renda per cápita da unidade familiar, valorada por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM): puntuación máxima 3 puntos.

1º Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos.

2º Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos.



3º Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: 1 punto.

4º Se é igual ou superior ao IPREM: 0 puntos.

e) Por condición de familia numerosa: puntuación máxima 3 puntos.

1º Por familia numerosa de categoría especial: 3 puntos.

2º Por familia numerosa de categoría xeral: 2 puntos.

f) Por condición de familia monoparental: 2 puntos.

g) Por concorrencia de discapacidade na alumna, no alumno ou nalgún dos seus proxenitores ou irmáns: puntuación máxima 4 puntos.

1º Por discapacidade na alumna ou no alumno: 4 puntos.

2º Por discapacidade de nai, pai, titora ou titor legal: 3 puntos.

3º Por discapacidade nalgunha irmá ou nalgún irmán da alumna ou do alumno: 1 punto.

h) Por expediente académico, no caso de acceso ás ensinanzas de bacharelato: puntuación máxima 2 puntos.

1º Nota media de sobresaliente: 2 puntos.

2º Nota media de notable: 1 punto.

3º Por nota media de ben: 0,50 puntos.

i) Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos, e que terán que facerse públicos polos centros con anterioridade ao inicio do proceso de admisión: 1 punto.

4. A forma de acreditación de cada un dos criterios xerais de admisión do alumnado que se reflicten no punto anterior determinarase por orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación.

5. A puntuación total acadada conforme os criterios do número 3 deste artigo decidirá a orde de prelación na admisión do alumnado. En caso de empate na puntuación final, resol-



verase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos referidos criterios, seguindo a mesma orde do número 3. De manterse o empate, resolverase mediante o resultado dun sorteo público, na forma que determine a consellería competente en materia de educación.

Sección 2ª. Procedemento ordinario de admisión

Artigo 10. Acceso por primeira vez a un centro

1. O procedemento de admisión que regula este artigo aplicarase ás alumnas e aos alumnos que accedan por primeira vez aos centros docentes sostidos con fondos públicos para cursar as ensinanzas correspondentes a que se refire o presente decreto.

2. Nos centros públicos que ofrezan varias etapas educativas o procedemento inicial de admisión realizarase ao comezo da que corresponda á de menor idade.

3. Nos centros privados concertados que impartan varias etapas educativas, o procedemento inicial de admisión realizarase no curso que sexa obxecto de concerto e que corresponda ao de menor idade.

4. A variación de curso, ciclo ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro, sen prexuízo do establecido para os centros docentes adscritos.

5. O alumnado que curse simultaneamente ensinanzas regradas de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria terá prioridade para ser admitido nos centros que determine a consellería competente en materia de educación. Aplicarase o mesmo tratamento ao alumnado que siga programas deportivos de alto rendemento.

Artigo 11. Admisión de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

1. No que non estea regulado na normativa propia, a admisión de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polo presente decreto, que potenciará a admisión deste alumnado nos centros ordinarios. Só cando as ditas necesidades non se poidan atender no marco das medidas de atención á diversidade, procederá a escolarización en unidades ou centros de educación especial.

2. A consellería competente en materia de educación establecerá a proporción de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poderá ser escolarizado en



cada un dos centros sostidos con fondos públicos. Con esta finalidade reservará ata o final do prazo de matrícula un mínimo do dez por cento e un máximo do quince por cento dos postos escolares por unidade.

Sección 3ª. Procedemento extraordinario de admisión

Artigo 12. Escolarización por traslado

1. A consellería competente en materia de educación escolarizará o alumnado que, unha vez iniciado o curso académico, estea afectado por un traslado do domicilio da unidade familiar a diferente localidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Favorecerase a incorporación ao sistema educativo do alumnado que, por proceder do estranxeiro, por pertencer a familias itinerantes ou por calquera outro motivo debidamente acreditado se incorpore de forma tardía ao sistema educativo español.

Artigo 13. Escolarización por violencia de xénero ou acoso escolar

A Administración educativa asegurará a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de actos de violencia de xénero ou acoso escolar, e adoptará as medidas necesarias para que os centros educativos lle presten especial atención.

CAPÍTULO III Órganos competentes nos procesos de admisión

Artigo 14. Consellos escolares e titulares dos centros privados concertados

1. O órgano competente para decidir sobre a admisión do alumnado nos centros públicos é o seu consello escolar, de conformidade co previsto no artigo 127.e) da Lei orgánica de educación, e con suxeición a este decreto e ás normas que o desenvolvan.

2. Nos centros privados concertados, os seus titulares serán os responsables para decidir sobre a admisión do alumnado. O consello escolar do centro participará no proceso, garantindo a súa suxeición ás normas que o regulan.

Artigo 15. Comisións de escolarización

1. As persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación poderán constituír comisións de escolarización de ámbito municipal, coa fi-



nalidade de garantir e supervisar o cumprimento das normas sobre admisión de alumnado, o exercicio dos dereitos recoñecidos neste decreto e de propor a adopción das medidas oportunas para a adecuada escolarización de todo o alumnado.

2. As comisións de escolarización constituiranse, en todo caso, cando a demanda de prazas dalgún centro educativo do concello supere a oferta.

Artigo 16. *Composición das comisións de escolarización*

1. Cada comisión de escolarización estará constituída polos seguintes membros, nomeados pola xefa ou o xefe territorial da consellería competente en materia de educación, procurando acadar a composición equilibrada de ambos sexos:

- a) Unha inspectora ou un inspector de educación, que exercerá a presidencia.
- b) Unha directora ou un director dun centro público do ámbito de actuación da comisión de escolarización, por proposta da Xunta Provincial de Directores.
- c) Unha ou un titular dun centro concertado do concello, por proposta das organizacións de titulares máis representativas nestes centros. No caso de que non haxa centros concertados na zona, nomearase un segundo representante dun centro público.
- d) Unha persoa representante do concello que exerza as súas funcións no ámbito educativo.
- e) Dous representantes de nais e pais de alumnas e alumnos dos centros do concello, un dun centro público e o outro dun centro privado concertado, por proposta das federacións e asociacións respectivas máis representativas. No caso de que non haxa centros concertados na zona, proporase un segundo representante dun centro público.
- f) Dous representantes do profesorado, un deles dun centro público, por proposta da xunta de persoal docente, e o outro por proposta das organizacións sindicais con representación no ensino concertado. No caso de que non haxa centros concertados na zona, nomearase un segundo representante dun centro público.
- g) Unha funcionaria ou funcionario que actuará como secretaria ou secretario, con voz e sen voto.

2. As xefas ou os xefes territoriais da consellería competente en materia de educación nomearán libremente, de acordo cos criterios e proporcións establecidas nos puntos anteriores,



os membros das comisións de escolarización cando non sexa formulada ningunha proposta polo sector correspondente, procurando unha representación equilibrada de ambos os sexos.

Artigo 17. *Funcións das comisións de escolarización*

1. As comisións de escolarización terán as seguintes funcións:

a) Informar as persoas interesadas sobre os centros docentes públicos e privados concertados e sobre as prazas dispoñibles neles.

b) Favorecer a distribución equilibrada entre os diferentes centros do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e propor medidas correctoras tendentes ao logro deste obxectivo.

c) Supervisar o proceso de admisión de alumnado e o cumprimento das normas que o regulan e propor, se é o caso, ás xefas ou aos xefes territoriais da consellería competente en materia de educación a adopción das medidas que consideren adecuadas.

d) Propor as medidas que se consideren adecuadas para a escolarización do alumnado que non obtivese praza escolar no centro solicitado preferentemente ou que, por calquera motivo, non dispoña de praza escolar.

2. As comisións de escolarización poderán solicitar dos centros educativos, dos concellos ou das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación toda a documentación e información que coiden necesaria para o exercicio das súas funcións.

3. A xefa ou o xefe territorial da consellería competente en materia de educación determinará a data de disolución das comisións de escolarización do seu ámbito que, en todo caso, se producirá ao inicio do novo curso escolar. As súas funcións serán asumidas pola inspección educativa.

CAPÍTULO IV Reclamacións e recursos

Artigo 18. *Reclamacións*

1. Contra os acordos do consello escolar dos centros públicos ditados no proceso de admisión de alumnado poderase formular reclamación ante o mesmo órgano, no prazo de cinco días contados a partir do seguinte ao da súa publicación ou notificación.



A resolución da reclamación notificarase no prazo de cinco días desde o da presentación. Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante a correspondente xefatura territorial da consellería competente en materia de educación, no prazo dun mes desde a súa notificación.

2. Contra as decisións que no proceso de admisión de alumnado adopten as/os titulares dos centros privados concertados poderase formular reclamación ante a mesma persoa, no prazo de cinco días contados a partir do seguinte ao da súa publicación ou notificación.

O titular deberá resolver a reclamación e comunicala no prazo de cinco días seguintes ao da súa presentación. Contra a decisión que adopte a titularidade dos centros poderase formular reclamación ante a xefatura territorial da consellería competente en materia de educación.

3. As resolucións das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación porán fin á vía administrativa.

Artigo 19. *Incumprimentos*

1. O incumprimento das normas sobre admisión do alumnado polos centros docentes públicos dará lugar á apertura do correspondente procedemento administrativo, para os efectos de determinar as posibles responsabilidades en que puidesen incurrir.

2. A contravención das normas sobre admisión de alumnado polos centros privados concertados é causa de incumprimento do concerto por parte da titularidade do centro, de conformidade co previsto no artigo 62 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición adicional primeira. *Admisión do alumnado en residencias escolares e escolas fogar*

A consellería competente en materia de educación establecerá un número de postos vacantes suficientes nos centros docentes en cuxas áreas de influencia quede comprendida unha residencia escolar ou unha escola fogar, para garantir a escolarización neles do alumnado residente.

Disposición adicional segunda. *Admisión do alumnado nos centros específicos de educación de persoas adultas e de ensinanzas de réxime especial*

A admisión de alumnado nos centros específicos de educación de adultos e nos que se impartan as ensinanzas de réxime especial rexeráse pola súa normativa específica.



Disposición adicional terceira. *Centros privados non concertados*

De acordo co disposto no artigo 25 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, os centros docentes privados non concertados disporán de autonomía para establecer os criterios e determinar o proceso de admisión do alumnado neles, sen prexuízo do establecido no artigo 2.4 do presente decreto.

Disposición adicional cuarta. *Protección de datos de carácter persoal*

A obtención e o tratamento dos datos persoais do alumnado, das nais, pais ou titores e titoras legais deste, a súa cesión duns centros a outros e a adopción de medidas que garantan a seguridade e a confidencialidade dos ditos datos sométense ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional quinta. *Capacidade*

O establecido para nais, pais, titoras ou titores legais do alumnado enténdese referido ao alumnado menor de idade ou ao legalmente incapacitado, e refírese ao propio alumnado cando sexa maior de idade e non estea legalmente incapacitado.

Disposición adicional sexta. *Aplicación da norma*

O establecido no presente decreto será de aplicación aos aspectos da admisión de alumnado non regulados no Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, e no Decreto 229/2011, do 7 de setembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición transitoria única. *Vixencia das áreas de influencia*

As áreas de influencia existentes no momento de entrada en vigor deste decreto manterán a súa vixencia ata a resolución da consellería competente en materia de educación que determine a súa modificación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Queda derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao presente decreto e, en particular, as seguintes:

1. Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



2. Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación á consellería competente en materia de educación*

Autorízase a persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trece de decembro de dous mil doce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

